



ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DELEGADA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA TELEMÁTICA, O DÍA 7 DE NOVEMBRO DO 2024.

Acta n.º 39

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro (exerce de secretario accidental)

DEPORTISTAS

Vázquez Fariña, Gustavo

TÉCNICO

Aradas Mariñas, Javier

ÁRBITRO

Xosé Lois Freixeiro

CLUBS

Asociación de Escaladores Ourenzáns
Club Pena Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Airiños

PRESIDENTE/REPRESENTANTE

Böck Villalva, Alfonso (únese só aos rogos e preguntas)
Faro, Lois
Castro Soto, Isidro

1. Saúdo e benvida do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 20.05 h comeza a reunión con quorum suficiente, agradecendo a asistencia a todas as persoas participantes. Seguidamente fai un resumo sobre a situación actual da federación desde a última reunión, informando sobre as competicións realizadas, situación da oficina ante a nova e inminente contratación e a convocatoria de asemblea para o día 16 de novembro.

2. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Comisión Delegada da FGM.

Procédese a votar e aprobar a acta de derradeira comisión delegada. Gustavo Vázquez sinala que como non estivo practicamente nada de tempo na devandita reunión, xa que tan só accedeu por un intervalo inferior a 5 minutos e nin sequera participou en votación algunha, solicita a súa exclusión. Procédese a modificar a acta nese sentido e apróbase por unanimidade.

3. Aprobación do regulamento de andainas.

Procédese a valorar e votar a aprobación do regulamento de andainas.

- Javier Aradas solicita quitar os prezos das andainas do regulamento: apróbase por maioría.
- O mesmo Javier Aradas solicita limitar porcentaxes de asfalto. Desestímase por 2 votos a favor, 2 en contra, unha abstención e voto de calidade do presidente a favor de manter a redacción do regulamento.
- Lois Faro comenta que hai que especificar se poden participar federados de fóra. Cuantos mais participen mellor.
- Xosé Lois Freixeiro propón rebaixar probas que puntuen para obter a medalla ao final da liga de andainas. Propónse que haxa que participar en 7/8 andainas e 12/16 as puntuables. Introdúcese a modificación por maioría.
- Gustavo Vázquez comenta que sería bó estudar o non uso de pintura biodegradable.

Procédese a votar o regulamento coas modificacións introducidas. Apróbase por unanimidade.



**FEDERACIÓN GALEGA
DE MONTAÑISMO**
Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17
Oficina 10 - 36209 Vigo
Pontevedra



**DEPORTE
GALEGO**

4. Rogos e preguntas.

Javier Aradas realiza unha serie de consideracións sobre o orzamento enviado. A ter en conta, solicita información sobre os seguintes aspectos:

- Intereses conta bancaria
- Gastos Turgalicia
- Comprobar o patrocinio de Aon.
- Incluír o patrocinio da Clínica de Podoloxía
- Verificar o apoio das Xornadas FEDME sendeirismo 3000 euros.
- Verificar o consumo eléctrico en Torrebarrio xa que non son 250 euros senón 150 euros/mes
- Propón aumentar o gasto en Trofeos de Marcha Nórdica.
- Verificar se están incluídos nos gastos EGAM as contratacións de técnicos.

Gustavo Vázquez propón separar a cota de seguro no orzamento.

Proponse subir presuposto Campionato Escolar Provincial de Escalada

Xose Lois Freixeiro pide explicacións sobre o gasto no apoio dunha deportista estranxeira.

Valoraranse os diferentes informes dos membros da comisión delegada e introduciranse os cambios pertinentes para a Asemblea do día 16. Agradécense todos os comentarios.

Sen mais asuntos que tratar, péchase a sesión sendo as 21:12 horas.

Asinado,
O Secretario Xeral da FGM
Carlos González Iglesias

Visto e prace,
O Presidente da FGM
Alejandro López Sánchez